



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2016 núm. 14/16

Lugar: Salón de Actos do Centro Social do Mar

Data: 14 decembro de 2016

Hora convocatoria: 20:00 horas

Hora comezo: 20:05 horas

Hora remate: 21:50 horas

Sres. asistentes:

Alcalde-Presidente:

D. Félix Juncal Novas

Concelleiros:

Polo grupo BNG-Asambleas Abertas:

D. Martín Villanueva Pastoriza
D. José Inocente García Cuervo
D. Fidel Castro Quiroga
D. Juan Carlos Eirea Eiras (incorpórase ás 20:06 h.)
D^a Ana Isabel Otero Pastoriza
D^a M^a Teresa López González
D^a Silvia Carballo González
D^a Inmaculada Concepción Rodríguez Días
D. Xosé Leal Fariña (incorpórase as 20:06 h.)
D^a M^a José Pérez Piñeiro

Polo grupo Partido Popular:

D^a Berta Pérez Hernández
D^a Mercedes del Pilar Otero González (incorpórase ás 20:06 h.)
D. Manuel Santos Pires

Polo grupo PSdeG-PSOE:

D. José Manuel Vilas Pastoriza

Polo grupo SON:

D. Julio Villanueva González (incorpórase ás 20:15 h.)

Secretaria:

D^a Nuria Lobato del Río

Interventor:

D. Marcos Vázquez Campaña

Non asiste á sesión Manuel Otero Pérez, membro do GPM do BNG.

No Salón de Actos do Centro Social do Mar, sendo as 20:05 horas do día 14 de decembro de 2016, reúnese o Pleno da Corporación Municipal baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Félix Juncal Novas, co fin de celebrar sesión ordinaria, coa seguinte orde do día que resulta da Resolución da Alcaldía núm. 827/16 de data 7 de decembro de 2016 e notificada aos membros da mesma:



1. **Acta anterior núm. 13/16 (ordinaria correspondente ao mes de novembro de data 07/11/16)**
2. **Dación de conta informe de execución do Orzamento do Concello e IMD correspondente ao 3º trimestre 2016.**
3. **Dación de conta ao Pleno do informe de seguemento do cumprimento do Plan de Axuste do Concello de Bueu, correspondente ao 3º trimestre de 2016**
4. **Proposta da Alcaldía de adopción de acordo polo pleno da corporación municipal co fin de que polo goberno local se proceda á elaboración dun Regulamento de Participación Veciñal que modifique o actual existente.**
5. **Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Plan Económico e Financeiro 2016/2017**
6. **Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2016.**
7. **Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a derradeira sesión ordinaria.**
8. **Dación conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria.**
9. **Rogos e preguntas.**

Pola Alcaldía xustifícase o traslado do lugar orixinario de celebración das sesións plenarias como é a Casa do Concello ao Centro do Social do Mar, motivado polos traballos de comprobación da estabilidade do propio edificio da Casa Consistorial, facendo imposible que se poida celebrar alí a sesión plenaria.

Que eu lembre, trátase da segunda vez nos últimos 20 e pico de anos; a primeira tiña outra motivación ben diferente, tendo lugar, se non me equivoco, na parroquia de Cela, no monte de San Lourenzo, de carácter reivindicativo (ano 1995 aproximadamente).

Comprobada a existencia de quórum esixible para a celebración da sesión, polo Sr. Alcalde declárase aberta a mesma.

1. Acta anterior núm. 13/16 (ordinaria do mes de novembro de data 07/11/16)

Pola Presidencia dáse conta do borrador da acta núm. 13/16 (acta nº 4 en formato electrónico) da sesión ordinaria da corporación municipal, correspondente ao mes de novembro, celebrada o pasado 7 de novembro de 2016.

Incidencias: Cando son as 20:06 horas, incorpóranse á sesión a Sra. Otero González (PP), Sr. Leal Fariña (BNG), e Sr. Eira Eiras (BNG)

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**
Por primeira vez foille tramitada a notificación por vía electrónica, e manifesta que non lle consta que lle chegara dese xeito nin en papel, enterándose do cambio pola prensa.
- **Sra. Secretaria:**
Sinala que tódolos documentos obran no expediente electrónico, tanto a convocatoria, como o troco de data e lugar de celebración.
- **Sr. Santos Pires (PP):**
A el tampouco lle foi notificado, pero si sabía que se celebraba o Pleno no CSM porque así se manifestou na Xunta de Voceiros.



- **Sra. Otero González (PP):**

A ela si lle chegou.

De seguido pola Alcaldía sométese a votación a aprobación da acta da sesión ordinaria correspondente ao mes de novembro, celebrada o día 07/11/16) dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 14 (10 dos Concelleiros presentes do G.P.M. do BNG a excepción do Sr Castro Quiroga, 3 do G.P.M. do PP, e 1 do G.P.M. do PSdeG-PSOE)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 1 (do Sr. Castro Quiroga (BNG) por canto non estivo presente na sesión plenaria cuxa acta se somete a aprobación.

En consecuencia, o Pleno da Corporación, por maioría absoluta dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación á acta núm. 13/16 (acta nº4 en formato electrónico) correspondente á sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o día 7 de novembro de 2016.

2. Dación de conta informe de execución do Orzamento do Concello e IMD correspondente ao 3º trimestre 2016.

Polo Sr. Alcalde dáse conta do informe de execución trimestral dos orzamentos do Concello de Bueu e do Instituto Municipal de Deportes, correspondente ao 3º trimestre de 2016, en cumprimento da Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros presentes, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal do informe de seguemento da execución trimestral dos orzamentos do Concello de Bueu e do IMD correspondente ao 3º trimestre de 2016.

3. Dación conta do informe de seguemento do cumprimento do plan de axuste correspondente ó 3º trimestre de 2016

Polo Sr. Alcalde dáse conta do informe de seguemento do cumprimento do Plan de Axuste do Concello de Bueu, correspondente ao 3º trimestre de 2016, en cumprimento do disposto nos arts. 10 do Real Decreto Lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o Financiamento de Pago a Provedores, relativo ás obrigas de información das entidades locais, e 10.3 da Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Non facendo uso da palabra ningún dos Concelleiros asistentes á sesión, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal do informe de seguemento do Plan de Axuste correspondente ao 3º trimestre de 2016.

4. Proposta da Alcaldía de adopción de acordo polo pleno da corporación municipal co fin de que polo goberno local se proceda á elaboración dun Regulamento de Participación Veciñal que modifique o actual existente.

Pola Alcaldía-Presidencia procédese á lectura do ditame favorable (08 votos a favor dos que 05 corresponden aos concelleiros asistentes do G.P.M. do BNG ; 02 aos concelleiros



pertencentes ao G.P.M. do PP e 01 do concelleiro pertencente ao G.P.M. do PSdeG-PSOE) da Comisión Informativa de PORTAVOCÍA DO GOBERNO, EDUCACIÓN, CULTURA E POLÍTICAS SOCIAIS, emitido con data 07/12/16, en relación coa proposta de alcaldía de 02.12.2016, RELATIVA A ADOPCIÓN DUN ACORDO CO OBJECTO DE QUE O GOBERNO LOCAL PROCEDA Á ELABORACIÓN DUN REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL QUE MODIFIQUE O EXISTENTE.

De seguido, a propia Alcaldía-Presidencia xustifica a proposta formulada nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:

“O sistema político actual definido na Constitución Española de 1978 prevé a participación política a través da elección das persoas que han de formar parte das distintas institucións do Estado.

Conscientes nembargantes de que a democracia representativa esencial debe ser complementada co dereito á cidadanía a participar asemade directamente nos asuntos públicos.

A participación cidadá, ampla, plural, equitativa e equilibrada, constitúe na actualidade unha das principais esixencias de toda sociedade democrática, no sendo de que non poden adoptarse decisións alexadas no sentir da cidadanía, que require involucrase un xeito máis directo na solución dos problemas que lle afectan.

Neste senso, as Entidades Locais veñen en diseñar diversos instrumentos de participación cidadá que tiveron como base de referencia na maioría dos casos, os regulamentos e normas de participación.

A participación cidadá é un proceso vivo que precisa marcos xurídicos que a favorezan, pero sobre todo necesita da vontade de intevir e cooperar directamente na mellora de Goberno do seu municipio.

A participación que contemplamos, a través da elaboración dun regulamento de participación veciñal, máis que unha alternativa, un complemento necesario para o noso sistema democrático representativo, que ven a ampliar e profundizar no ámbito local do propio concepto de democracia, e a avanzar hacia niveis de maior participación das persoas en relación ás decisións relativas ós seus intereses.

Para avanzar nestes procesos, cómpre facilitar á veciñanza a súa relación coa Administración Local polo que se considera necesario compartir a información que se posee, co fin de que a participación sexa un instrumento para a resolución de problemas que plantea, a adecuada toma de decisións e favorece o consenso.

Téndose presentado polos voceiros/as , representantes dos Grupos Municipais de PP, SON e PsdeG-PSOE, con data 19.11.2016 (RE 7987)solicitud de proceder ó debate ou no seu caso a aprobación en Pleno do Regulamento de Participación Veciñal.

Pola presente,VEÑO EN PROPOÑER Ó PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción do seguinte acordo:

UNICO: *Instar ó Goberno Local que proceda á elaboración dun Regulamento de Participación Veciñal que modifique o actual existente, e que actualmente se atopa en vigor.”*



Incidencias: Cando son as 20:15 h., incorpórase á sesión o Sr. Villanueva González (SON).

Rematada a lectura da indica proposta , polo Sr. Alcalde-Presidente da corporación, declárase aberto o **DEBATE:**

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Alégrase de que se leve a cabo esta iniciativa que o que busca é fundamentalmente unha maior participación da cidadanía nos asuntos municipais. Desexa que nun prazo mais ou menos breve se proceda ao seu estudo e debate e manifesta que lle gustaría que se chegase a un consenso nun prazo máximo de tres meses.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Xustifica a súa incorporación tardía á sesión, por canto estivo no Concello esperando a celebración da mesma.

- **Sr. Santos Pires:** Na derradeira folla da convocatoria obra a comunicación de troco de lugar de celebración da sesión.

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Aclara que non se decatou e pide perdón.

En canto ao tema que se trata, desexa se faga en breve e, se non se fai, haberá que aplicar o antigo que tampouco se está a aplicar nestes intres, nin o de fai 20 anos. A participación veciñal é esencial, non gustándolles o protagonismo e liderazgos da xente que manda, con independencia de quen sexa. Indica que quere que a participación veciñal sexa moito máis activa neste Concello.

Espera que sexa en breve, pois se non se leva a cabo, haberá que presentar mocións ou instar ao goberno a que aplique o vixente que tamén é bastante progresista e que foi elaborado no seu momento polo mesmo partido que nestes momentos está a gobernar.

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Quere engadir algo que se lle esqueceu na Comisión.

O que actualmente hai, que é do 96, que se atopa exposto na páxina do Concello, foi publicado no BOP?

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Cre que si está publicado; logo houbo unha modificación posterior que non se tramitou. Haberá que comprobalo.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada a proposta anteriormente transcrita, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 16 da totalidade dos membros presentes (11 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por UNANIMIDADE dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada pola Alcaldía en canto á elaboración dun Regulamento de Participación Veciñal que modifique o actual existente, dispoñendo en consecuencia:



- Instar ó Goberno Local que proceda á elaboración dun Regulamento de Participación Veciñal que modifique o actual existente, e que actualmente se atopa en vigor.

5. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do Plan Económico e Financeiro 2016/2017

Pola Alcaldía-Presidencia xustifícase a enmenda á proposta achegada no día de hoxe a tódolos Concelleiros, onde se explican as razóns da mesma; pasando de seguido a dar lectura á conclusión do ditáme da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas emitido con data 07/12/16, nos seguintes termos:

“Non producíndose ningunha outra intervención sobre o asunto que se somete a ditáme por esta Comisión Informativa, polo Sr. Presidente se somete a proposta da Alcaldía, de 01.12.2016, relativa á Aprobación do Plan Económico Financeiro 2016-2017 (Expdt. electrónico 1560/2016) a votación ordinaria, nominal a man alzada, co seguinte resultado: Votación:

- Votos a favor: 05 correspondentes aos Concelleiros asistentes do G.P.M. do BNG
- Votos en contra: 02 correspondentes aos Concelleiros do G.P.M. do PP-
- Abstencións: 01 do Concelleiro do G.P.M. do PSdeG-PSOE.

Á vista do resultado, a Comisión Informativa, por maioría dos seus membros, ditaminou FAVORABLEMENTE a proposta de Alcaldía, de 01.12.2016, relativa á Aprobación do Plan Económico Financeiro 2016-2017 (expdt. electrónico 1560/2016).”

De seguido, e tras xustificar a enmenda realizada, polo Sr. Alcalde-Presidente da corporación, declárase aberto o **DEBATE:**

- **Sr. Villanueva González (SON):**

Propón deixa-lo asunto sobre a mesa para resolver nunha vindeira sesión plenaria, toda vez que a enmenda non foi ditaminada pola Comisión Informativa correspondente, entendendo que os cambios introducidos na mesma son substanciais e que, polo tanto, deberían ser explicados na Comisión.

Anuncia a súa ausencia durante o debate de votación do presente asunto se non se procede conforme ao indicado.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Explica que se trata dun pequeno axuste correxido esta mañá por unha modificación sobrevida dende a AGE, e que é por isto polo que se tramitou dende o departamento de Intervención unha proposta de enmenda. A proposta non varía no esencial con respecto á inicial, xa que soamente se modifica parcialmente un dato do Plan de Axuste que se somete a votación. Aclara que se considerase, logo de falar cos técnicos municipais, que é preciso que este asunto volvese a ser ditaminado pola Comisión Informativa, loxicamente así o faría; pero que neste caso non é necesario. Non se trata dun engadido, senón dunha enmenda; trátase dun pequeno axuste coñecido esta mañá por esas previsións do goberno que, no momento de acceder á aplicación do Ministerio, é quen fai directamente ese axuste e que, seguramente que si esta mañá non se accedese a esa Plataforma, nin se houberen decatado da mesma ata que houberse que enviar os datos do Plan Económico-Financeiro unha vez aprobado.

En todo caso atópase presente o Sr. Interventor do Concello, quen avala co seu informe este Plan Económico Financeiro, así como a Sra. Secretaria que é a Asesora Xurídica do Concello, e para calquera cuestión que se expoña ao respecto sinala que este é o momento para resolvela.



- **Sr. Santos Pires (PP):**
Sinala que na Comisión Informativa xa solicitou deixar o asunto pendente, por canto non estivo presente o Sr. Interventor, entendendo que podería haber cambios que afectaban ó Plan Económico Financeiro, polo que pediu un informe e non tivo aínda resposta.
- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Recorda que existe un informe de Intervención á proposta, que é o que dispón a Lei; e que a partir de aí, as cuestións ou dúbidas que puidesen xurdir dende o punto de vista técnico, tiveron tempo a ser plantexadas e resoltas dende a convocatoria da Comisión Informativa.
- **Sr. Villanueva González (SON):**
Indica que a proposta de enmenda non figuraba entre os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria da Comisión Informativa; e segue anunciando a súa ausencia do pleno precisamente pola falta de información.
- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Pídelle que manteña o respecto a quen lle corresponde o papel de dirixir o desenrolo da sesión.
- **Sr. Santos Pires (PP):**
Contesta que a súa petición non ten nada que ver coa enmenda.
- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Reitera que tivo a súa disposición o Interventor e ó informe de Intervención dende 2 días antes da Comisión, e tiveron 3 días logo da sesión para preguntarlle e, se aínda existe algunha dúbida, atópase presente na sesión o Sr. Interventor, polo que pode resolver as dúbidas que xurdan, xa que é neste momento cando se vai a resolver sobre o asunto.
- **Sr. Santos Pires (PP):**
Pregunta se antes ou despois da votación.
- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Resposta que despois de dar lectura á proposta.
- **Sr. Villanueva González (SON):**
Indica que lle gustaría que antes de ausentarse, os técnicos municipais lle aclarasen, xa que non puido estar presente na Comisión Informativa que ditaminou esta proposta, e xa que entende que se vai votar unha cousa distinta do que se ditaminou na Comisión; se isto é viable legalmente.
- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Solicita a intervención da secretaria do concello para resolver a dúbida plantexada polo Sr. Villanueva González.
- **Sra. Secretaria:**
Ante a petición da alcaldía pasa a reproducir e explicar o tenor literal do artigo 97.5 do Regulamento de ordenación, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) no que se aclara a definición legal de enmenda e o tempo e forma de presentación da mesma.



- **Sr. Villanueva González (SON):**
Indica que non entende a explicación ofrecida e pregúntalle ao Sr. Interventor si a enmenda cambia a proposta inicial e polo tanto se a proposta que se somete a deliberación e votación é a mesma proposta inicial ou é outra distinta. Asemade pregunta ao Sr, Interventor se calquera membro da corporación pode facer unha enmenda.
- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Resposta que non é a primeira vez que se enmendan as propostas no Pleno. Trátase dunha práctica prevista na norma e o habilita o ROF tal e como clarexou a Secretaria.
- **Sr. Santos Pires (PP):**
Aclara que él non ataca á enmenda.
- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Diríxese ao Sr. Villanueva González para preguntarlle se, tal e como anunciou desexa ausentarse.
- **Sr. Eirea Eiras (BNG)**
Pregunta se o representante de SON abandona a sesión porque non entende as explicacións
- **Sr. Villanueva González (SON):**
Contesta que efectivamente abandona a sesión porque non entende as explicacións

Incidencias: Sendo as 20:40 horas, auséntase da sesión o Concelleiro de SON Sr. Villanueva González

Non producíndose ningunha outra intervención, o presidente pasa a dar lectura da proposta de enmenda á proposta de alcaldía de aprobación do Plan Económico Financeiro 2016-2017, do seguinte contido literal:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA
ENMENDA Á PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE PLAN ECONÓMICO
FINANCEIRO 2016-2017**

Con posterioridade a que fora asinada a Proposta de Aprobación de un Plan Económico Financeiro do Concello de Bueu para o período 2016-2017 e convocada a Comisión Informativa de Contas en data de 1 de decembro de 2016, o Consello de Ministros do Goberno de España procedeu a modificar a taxa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto de medio prazo da economía española para o 2017, pasando esta do 2,20% ao 2,10% e a incorporar a modificación conseguinte de valores na aplicación informática PEFEL2 habilitada ao efecto pola web da Oficina Virtual de Coordinación Autonómica e Local, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, para a elaboración dos Plans Económicos Financeiros das Entidades Locais.

Esta modificación sobrevida da taxa de referencia para o 2017 conleva un cambio nas magnitudes recollidas polo Concello de Bueu no Modelo PEFEL en canto ao Límite da Regra de Gasto, que pasa no 2017 de 4.975.873,52 € a 4.970.823,75 euros (apartado 1 - Causas. Diagnóstico y previsión tendencial. 1.2 - Regla de Gasto. Ejercicio 2017), e consecuencia do anterior ao grado de cumprimento do obxectivo da Regra de Gasto que pasa para o 2017 de 26.273,52 € a 21.223,76 € (apartado 3 - Conclusiones. Conclusión y objetivo. 3.2 - Regla de Gasto. Ejercicio 2017), modificacións derivadas polo tanto dun



acordo do Consello de Ministros posterior á convocatoria da Comisión Informativa municipal e polo tanto alleo a este Concello, que non conlevan sin embargo cambio algún en canto as medidas propostas no Plan Económico Financeiro para o cumprimento da Regra de Gasto nin en canto ao obxectivo final de cumprimento que se ben se reduce para o 2017 en 5.049,76 €, continúa sendo de signo positivo.

Modificacións que en todo caso aparecen reflexadas no Documento PEFEL de "Aprobación de Plan Económico Financeiro 2016-2017 ENMENDADO" que se adxunta no expediente.

Polo anterior, esta Alcaldía **PROPÓN:**

Primeiro.- Aprobar a presente enmenda á proposta anterior de aprobación do Plan Económico Financeiro 2016-2017 do Concello de Bueu, tal e como se recolle en Documento PEFEL de "Aprobación de Plan Económico Financeiro 2016-2017 ENMENDADO" que se adxunta no expediente.

Segundo.- Remitir dito "Plan Económico Financeiro 2016-2017 ENMENDADO" a través da aplicación PEFEL2, habilitada ao efecto na Oficina Virtual de Coordinación Autonómica e Local, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, por parte da Intervención Municipal."

Rematada a lectura, a Presidencia cédelle a palabra ó Sr. García Cuervo:

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

Puntualiza que si se lee con tempo, que houbo máis que suficiente, o Sr. Santos Pires é suficientemente intelixente para entendela.

• **Sr. Santos Pires (PP):**

Contesta que non lle gusta o tono aplicado.

• **Sr. García Cuervo (BNG):**

Estamos ante un Plan Económico-Financeiro onde se propón ao Pleno a adopción do conseguinte acordo e a remisión do mesmo á Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica Local.

A lei orgánica 2/2012 establece que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a administración deberá formular un Plan Económico Financeiro para dous anos que corrixa o incumprido.

Este Concello cumpre sobradamente coa estabilidade orzamentaria, coa débeda pero non coa regra de gasto no ano 2015.

Lembra que o goberno estivo sempre disconforme coas políticas financeiras impostas polo Estado e polo que se optou por non facer recortes.

Para o exercizo 2016 en materia de ingresos se decidiu non efectuar axustes por aumentos ou diminución da recadación, pois si ben o IBI pasa do 0,60 o 0,45, a súa merma en materia recadatoria vese compensada polas liquidacións derivadas da regulación catastral que puxo en marcha a Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra e da actualización dos valores. Isto supón 145.000 € máis no orzamento.

En materia de gastos para 2016 tampouco se tomou ningunha medida especial, xa que a propia evolución tendencial lévanos a cumprir coa regra de gastos, toda vez que o excedido no ano anterior atópase dentro do límite que establece a Secretaría Xeral.

Por tanto, para o exercizo 2016 o Concello de Bueu cumpría tódolos obxectivos, tanto a estabilidade orzamentaria, como débeda, como regra de gasto.



Para 2017 partimos con 185.000 € menos de recadación por IBI, tendo en conta que, por prudencia, obviosmos o que queda por recadar polo procedemento de regularización catastral.

En materia de gasto, o Plan Económico Financeiro recolle catro medidas, cun acordo de non dispoñibilidade mentres non se aprobe o orzamento de 2017. A primeira é a redución do gasto do Capítulo II (gastos correntes) en 120.000 €. Isto corríxese polo aforro enerxético e polo descenso previsto en recoñecementos extraxudiciais.

Segunda medida, redución do gasto do Capítulo IV (transferencias correntes) en 105.000 €. Aquí desaparecerá a débeda de 66.000 € que había co Concello de Cangas, que está pagada, e diminúe o gasto a Sogama polas compensacións polo uso da Planta de Transferencia.

A terceira medida, dedución do gasto do Capítulo VI (inversións propias do Concello) en 135.000 €. Esta minoración espérase contrarrestar con axudas e subvencións doutras administracións. Hai que dicir que o Plan de Concellos da Deputación, xa ven dotado con 66.000 € máis que o ano anterior.

E a cuarta medida, é a supresión do IMD que está valorado en 1.000 €.

Con estas medidas a regra de gasto cumprírase, coa modificación do Consello de Ministros da taxa de crecemento que baixa do 2,2 ó 2,1 en 21.000 €, senón serían 26.000 e pico.

O informe de Intervención é claramente positivo, e considera que é moi doado de entender.

- **Sr. Santos Pires (PP):**

Intervén para aclarar que foi convocado á Comisión Informativa o día 01.12.2016 pola tarde, e só tivo un día hábil (5 de decembro) para examinar o asunto. Non dispuxo dunha semana.

Aínda que tivera unha semana, o meu tempo organizoo eu, non mo organiza nin o Alcalde nin Vde.

Puntualiza que o que preguntou na Comisión Especial de Contas foi si o Sr. Interventor tiña que estar presente ou non, e se non está el entende que tería que estar una persoa na que delegue. Quen era esa persoa?

Si non estaba presente o Sr. Interventor nin persoa delegada, preguntaba si o asunto podía ser tratado e ditaminado na Comisión Informativa, e pediu un informe porque na Comisión non se puido contestar ó respecto.

Manifestou que para participar na votación necesitaba ese informe, e non o ten.

Por outra banda, se cambiou o Pleno do mes de decembro porque non queríamos celebrar ningunha xuntanza nesas pontes, e para o meu asombro temos unha Comisión Especial de Contas nese período.

Logo a miña pregunta é ¿para que cambiamos o plenario?

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Contesta que se levou á Xunta de Voceiros a proposta de cambia-la data de celebración do Pleno, porque había algún asunto que se atopaba pendente de rematar a súa preparación, e para que puidese ser ditaminado e incorporado á orde do día da presente convocatoria. Esa foi a razón.

En canto ao informe de Intervención, consideramos que co que obra no expediente, máis a posibilidade que tiñan de resolver antes, despois e, en todo caso, a día de hoxe neste plenario, as dúbidas técnicas poden plantexalas aquí.

- **Sr. Santos Pires (PP):**



Somentes pedía que se me informase sobre si era necesaria a figura do Interventor na Comisión.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Esa non é a pregunta; Vde. ten que falar sobre o contido do Plan Económico Financiero. Existe un informe do Interventor no expediente.

Na Comisión plantexou dúbidas técnicas e por elo preguntou pola asistencia do Interventor.

- **Sra. Otero González (PP):**

Ela si preguntou directamente si era válida a Comisión sen a presenza do Interventor.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

O expediente, tal e como se tramitou, contén os informes necesarios e Vde. pode preguntar o que considere. Os informes neste caso son os preceptivos e os que pida a Alcaldía ou un tercio da Corporación. Non é primeira vez que temos este mesmo debate; polo tanto, si ten algunha dúbida e quere clarexala, teñen a oportunidade de facelo unha vez que remate este plenario e que teñan a disposición tamén a acta e o acordo para poder cuestionar a validez ou non validez do mesmo. Teñen a oportunidade de acudir á vía administrativa para recurrilo.

- **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Xa que levamos moito tempo debatindo de prazos, paréceme incomprendible que o Sr. Alcalde pense que dous días antes dunha Comisión e ata a hora do día do Pleno son suficientes; pero non para os membros da oposición. Parece ser que o requirimento da Xunta de Galicia tivo entrada no Rexistro do Concello con data 20/06/16 e se trae a aprobación do pleno no último momento téndose que facer unha Comisión Informativa con "*nocturnidade e alevosía*", e o que é aínda máis incomprendible , sen a presenza do Sr. Interventor Municipal.

A necesidade da presenza na Comisión Informativa do Interventor foi preguntada na propia Comisión polo Sr. Santos Pires, e a Secretaria si que contestou, e dixo que o ROF esixía a súa presenza.

Tamén solicitei na Comisión que se incorporara ó expediente o requirimento da Xunta de Galicia e creo que non se fixo, pois eu non o vexo.

Sobre as medidas que propón a Alcaldía, creo que se me está dando a razón o que tantas veces expuxen nos plenarios, no senso de que o rebaixe do tipo impositivo do 0,60 o 0,45 está amplamente compensado cos dereitos recoñecidos provenientes das liquidacións derivadas da regularización catastral, así como pola aplicación dos coeficientes de actualización dos valores catastrais, recadándose 473.000 € aproximadamente máis que en 2015.

Para rematar, sobre as medidas que se propoñen adoptar como a redución de gasto no Capítulo 2 en 120.000 € (alumeado, auga, limpeza, mantemento de colexios, coidado de parques e xardíns, etc.); 105.000 € no Capítulo 4 (axudas e subvencións a clubs e asociacións); redución do gasto no Capítulo 6 por importe de 135.000 € (inversións propias do Concello), que parece ser que se atopan compensadas, e a supresión do IMD; os principais afectados van ser os veciños, porque en maior ou menor medida lles afectan a eles, e non creo que sexan os responsables dos despilfarros que nalgún momento puido cometer este goberno.

Nembargantes, do que non oímos falar nestas propostas, é de redución do gasto de dedicación exclusiva de Concelleiros (Urbanismo, Medio Ambiente Urbano, Servizos, etc.) que non se sosteñen por si solos (refírome ás dedicacións exclusivas).



En resumo, tanto pola tramitación do expediente e polos motivos expostos, anuncia o voto en contra do seu grupo.

Non producíndose ningunha outra intervención, o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria, nominal e a man alzada a proposta da Alcaldía de “Enmenda á proposta da Alcaldía de aprobación do Plan Económico-Financeiro 2016-2017, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 11 (dos Concelleiros presentes do BNG)
- ✓ Votos en contra: 4 (3 dos Concelleiros do PP, e 1 do PSdeG-PSOE)
- ✓ Abstencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta de votos dos membros presentes, acorda:

Primeiro.- Aprobar a presente enmenda á proposta anterior de aprobación do Plan Económico Financeiro 2016-2017 do Concello de Bueu, tal e como se recolle en Documento PEFEL de “Aprobación de Plan Económico Financeiro 2016-2017 ENMENDADO” que se adxunta no expediente.

Segundo.- Remitir dito “Plan Económico Financeiro 2016-2017 ENMENDADO” a través da aplicación PEFEL2, habilitada ao efecto na Oficina Virtual de Coordinación Autonómica e Local, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, por parte da Intervención Municipal.

Incidencias: Sendo as 21:00 h. reincorpórase á sesión o Concelleiro de SON Sr. Villanueva González.

6. Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 3/2016.

Pola Alcaldía-Presidencia procédese á lectura do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, emitido con data 07/12/16, en relación co expediente de recoñecemento de créditos núm. 3/2016, resumido nos seguintes termos:

“Non producíndose ningunha outra intervención sobre o asunto que se somete a ditame por esta Comisión Informativa, polo Sr. Presidente se somete a Proposta da Alcaldía de 01.12.2016 relativa á Aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito núm. 3/2016 (expdt. electrónico 1552/2016), a votación ordinaria, nominal e man alzada, co seguinte resultado:

- *Votos a favor: 5 correspondentes aos concelleiros asistentes do G.P.M. do BNG.*
- *Votos en contra: Ningún*
- *Abstencións: 2 correspondentes aos concelleiros do G.P.M. do PP e 1 correspondente ao representante do G.P.M. do PSdeG-PSOE.*

*Á vista do resultado, a Comisión informativa, por maioría dos seus membros, ditaminou FAVORABLEMENTE a **Proposta da Alcaldía, de 01.12.2016, relativa á aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito núm. 3/2016 (expte. electrónico 1552/2016).***

De seguido, a propia Alcaldía-Presidencia xustifica a proposta formulada nos seus propios termos, dando lectura á mesma co seguinte contido literal:



“Obxeto:

Finalizado o exercicio 2015 existen xustificantes de gasto devengados no exercizo 2015 que non puideron ser aplicados ao orzamento por non existir crédito para os mesmos ou ser este insuficiente.

O artigo 26 do Real Decreto 500/1990, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademáis dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.

Antecedentes:

- *Anexo I gastos correspondentes ó Capítulo 4 do exercicio 2015 que non foron imputadas ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 folio que comeza pola Mancomunidade de Concellos do Morrazo (P3600020F) por importe de 97.753,17 €.*
- *Informe da Intervención Xeral do Concello.*
- *Documento contable de Retención de Créditos.*

Vistos os antecedentes expostos anteriormente, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: *Convalidar os gastos ós que se refire o presente recoñecemento extraxudicial.*

Segundo: *Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2016 por importe total de 97.753,17 € que se describe no anexo I.*

Anexo I *gastos correspondentes ó capítulo 4 do exercicio 2015 que non foron imputados ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 folio que comeza pola Mancomunidade de Concellos do Morrazo CIF (P3600020F) por importe de 97.753,17 €.”*

Logo dunha breve explicación pola Alcaldía e non producíndose máis intervencións, o Sr. Alcalde somete votación ordinaria, nominal e a man alzada, a proposta da Alcaldía de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 03/2016, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 11 (dos Concelleiros presentes do grupo político municipal do BNG)
- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 5 (dos Concelleiros dos grupos políticos municipais do PP (3), PSdeG-PSOE (1) e SON (1).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación á proposta da Alcaldía de data 01/12/16 transcrita con anterioridade, relativa á aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 03/16, dispoñéndose en consecuencia:

Primeiro: Convalidar os gastos ós que se refire o presente recoñecemento extraxudicial.

Segundo: Aprobar e comprometer os gastos, recoñecer as obrigas incluídas no expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2016 por importe total de 97.753,17 € que se describe no anexo I.



Anexo I gastos correspondentes ó capítulo 4 do exercicio 2015 que non foron imputados ó orzamento por falta de crédito, formado por 1 folio que comeza pola Mancomunidade de Concellos do Morrazo CIF (P3600020F) por importe de 97.753,17 €.

7. Dación conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a derradeira sesión ordinaria.

Pola Presidencia enténdese dada conta dos reparos de legalidade formulados pola Intervención de Fondos do Concello dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a dispor dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, e que, de seguido, se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
731	04/11/16	Levantamento reparo, recoñecemento obrigas e orde pagamento gastos Contrato Comodato
745	09/11/16	Aprobación xustificación convenio coa Asociación Cineclub Bueu, organización FICBueu
770	15/11/16	Levantamento reparo, aprobación gasto e orde pago a SETGA, factura Mellora eficiencia enerxética Pavillón Pablo Herbello
773	15/11/16	Rectificación erro R.A. 0770/16, de 15/11/16, aprobación factura SETGA Mellora eficiencia enerxética Pavillón P. Herbello
779	17/11/16	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas 25/16, por unha contía global de 93.921,17 €
810	30/11/16	Levantamento reparo e aprobación nómina persoal mes de novembro
822	02/12/16	Levantamento reparo, aprobación gasto e orde pagamento, impartición charlas prevención drogodependencias, a Amalia Piedras

Non producíndose intervención algunha, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal dos reparos de legalidade formulados pola Intervención Municipal dende a última sesión ordinaria.

9. Dación conta das resolucións da alcaldía habidas dende a derradeira sesión ordinaria

Pola Presidencia dáse conta das Resolucións da Alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria que, xunto coa súa relación, estiveron a disposición dos Sres. Concelleiros dende a convocatoria da sesión, que de seguido se relacionan:

nº	data	extracto do seu contido
728	04/11/16	Aprazamento sesión plenaria 07/11/16 para o 09/11/16
729	04/11/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Fenie Energía, 3º T/16
730	04/11/16	Aprobación gasto e orde pagamento taxas Portos de Galicia e ISM local compartido Policía Local
731	04/11/16	(con levantamento de reparo)
732	04/11/16	Aprobación axuda por emerxencia social, a Ana Belén Otero Otero
733	04/11/16	Aprobación gastos e orde pagamento taxas Deputación e Fianza, autorización obras canalización no vial Igraxairo-Outeiro
734	04/11/16	Convocatoria Xunta Goberno 07/11/16
735	04/11/16	Incoación procedemento contratación <i>Subministro para aforro e mellora eficiencia enerxética Pavillón Pablo Herbello</i>
736	07/11/16	Aprobación gasto e orde pago cotas Sogama meses novembro e decembro 2015, e cánon Augas de Galicia
737	07/11/16	Requirimento previo á adxudicación obra <i>Execución espazo exterior para mercado tradicional en M. Ríos</i>
738	07/11/16	Aprobación gasto e orde pago costas P.O. 193/15, de Jesús Bernárdez Pérez contra o Concello
739	07/11/16	Requirimento ingreso fianza definitiva <i>Rehabilitación firme camiño de Chans</i>
740	07/11/16	Modificación <i>Calendario do Contribuínte</i>
741	08/11/16	Aprobación expte. contratación Operación Tesourería por unha contía de 800.000 €
742	08/11/16	Aprobación bases participación Mercado Ecolóxico e Artesanal ded 20/11/16
743	09/11/16	Aprobación Padrón Fiscal taxa uso bens e instalacións municipais dos mercados, 4º T/16
744	09/11/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Factor Energía, 3º T/16
745	09/11/16	(con levantamento de reparo)
746	09/11/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local 3º T/16



747	09/11/16	Compensación débeda Promociones Inmobiliarias O Cuarteirón
748	10/11/16	Troco residencia no PMH, de Diego García Parada
749	10/11/16	Troco residencia no PMH, de Roberto Vidal Piñón Lucía Nogueira Nine e Anxo, Antía e Lara Vidal Nogueira
750	10/11/16	Aprobación liquidacións prezo público Pilates novembro
751	10/11/16	Adxudicación contrato <i>Execución espazo exterior para mercado tradicional en M. Ríos</i> , a Construc. y Proyectos Abilleira
752	10/11/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Cide HC Energía, 3º T/16
753	10/11/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local EDP Comercializadora, 3º T/16
754	10/11/16	Troco residencia no PMH, de Vania Carneiro Carvalho, e Tiago e Diego Carvalho Ladislau Soares
755	10/11/16	Adxudicación contrato Subministro para aforro e mellora enerxética, iluminación pista Pavillón P. Herbello, a SETGA
756	14/11/16	Devolución fianza construción vivenda no Castrolo, a Sara Paz Cereijo
757	14/11/16	Compensación débeda Jesús Bernárdez Pérez
758	15/11/16	Aprobación Plan Seguridade e Saúde <i>Execución espazo exterior Mercado Tradicional en M. Ríos</i>
759	15/11/16	Remate relación laboral con Elena Villanueva Nogueira e 14 máis, como peóns limpeza
760	15/11/16	Contratación de Iván González Cerviño e dous máis, como peóns limpeza
761	15/11/16	Rectificación erro R.A. núm. 0736/16, de 07/11/16, reembolso ó Banco Sabadell, préstamo Mancomunidade Concellos do Morrazo
762	15/11/16	Autorización a Gas Galicia, ampliación rede e acometida na Rva. de Arriba 18
763	15/11/16	Autorización a Gas Galicia, acometida directa no Outeiro 59
764	15/11/16	Autorización a Gas Galicia, acometida directa en Ribeira 7
765	15/11/16	Autorización a Gas Galicia, ampliación rede e acometida en M. Ríos 36
766	15/11/16	Autorización a Gas Galicia, ampliación rede e acometida na rúa Caripa 9
767	15/11/16	Autorización a Gas Galicia, ampliación rede e acometida en Loureiro 44
768	15/11/16	Autorización celebración voda civil, a Vanesa Valverde Medraño
769	15/11/16	Desistimento expte. autorización celebración XXI concentración bicicletas de Meiro
770	15/11/16	(con levantamento reparo)
771	15/11/16	Aprobación factura e orde pago honorarios redacción proxecto modificado Mellora eficiencia enerxética Pavillón P. Herbello
772	15/11/16	Aprobación conta xustificativa subvención Mellora eficiencia enerxética Pavillón Pablo Herbello
773	15/11/16	(con levantamento de reparo)
774	17/11/16	Autorización a Gas Galicia, ampliación rede e 2 acometidas na Ra. Arriba 15-83
775	17/11/16	Autorización a Gas Galicia, acometida en Matilde Bares, 7
776	17/11/16	Autorización a Gas Galicia, acometida en P. Fontenla 83
777	17/11/16	Autorización a Gas Galicia, ampliación rede e acometida na rúa do Santán
778	17/11/16	Contratación 3 Monitores Deportivos
779	17/11/16	(con levantamento de reparo)
780	17/11/16	Fraccionamento débeda Mª Concepción Piñeiro García
781	17/11/16	Fraccionamento débeda Marta Piñeiro Ferreira
782	17/11/16	Aprobación liquidacións asistenciais Concelleiros a órganos colexiados, mes agosto
783	17/11/16	Aprobación axudas básicas por emerxencia social
784	18/11/16	Devolución fianza IDADES, Servizo Axuda no Fogar
785	18/11/16	Convocatoria Xunta Goberno Local 21/11/16
786	18/11/16	Aprobación listado expositores admitidos e excluídos Mercado Ecolóxico e Artesanal de 20 de novembro
787	21/11/16	Autorización celebración voda civil a José Manuel Cachafeiro Aboal
788	23/11/16	Desestimación recurso reposic. José Freire Carballo, contra acordo X.G.L. 16/05/16, denegación declaración fóra ordenación vivenda no Xistro
789	24/11/16	Aprobación expediente modificación créditos 22/16, transferencia 09/16, por unha contía de 86.185,77 €
790	24/11/16	Devolución taxas participación no mercado ecolóxico e artesanal EcoBueu 8ª edición
791	24/11/16	Autorización posto venda castañas na vía pública, a José Manuel Beiroa Lourido
792	24/11/16	Aprobación axudas por emerxencia social a Virginia Mª Malheiro da Silva e Mª José Vázquez Castro
793	25/11/16	Autorización actividade Circo Evolución, días 26-27/11
794	25/11/16	Aprobación expte. modificación créditos 24/16, xeración 08/16, por unha contía de 40.033,38 €
795	25/11/16	Recoñecemento obrigas correspondentes á relación de facturas núm. 27/16, por unha contía global de 33.718,74 €
796	28/11/16	Aprobación liquidación e cancelación Operación Tesourería con Caixabank
797	28/11/16	Aprazamento data celebración sesión plenarias ordinarias de decembro/16 e xaneiro/17



798	28/11/16	Bonificación IVTM a Luis Alfredo Santiago García
799	29/11/16	Aprobación expte. modificación créditos 25/16, transferencia 11/16, por unha contía de 48.500 €
800	29/11/16	Anulación recibos IBI Celsa Villanueva Piñeiro
801	29/11/16	Anulación recibos IBI María Sampedro Otero
802	29/11/16	Bonificación IVTM a Baldomero Otero Blanco
803	29/11/16	Bonificación IVTM a Manuel Dios Otero
804	29/11/16	Bonificación IVTM a José Moares Magdaleno
805	29/11/16	Anulación recibos IBI Francisco González Chapela
806	29/11/16	Concesión vado a Marina Miranda Novas, no Camiño das Meás
807	29/11/16	Anulación IBI Josefa Castro Rúa
808	29/11/16	Exención IVTM, Fernando Argibay Juncal
809	30/11/16	Reintegro importe sanción a Aqualia, execución sentenza Xulgado Cont-Admtvto. I Pontevedra
810	30/11/16	(con levantamento de reparo)
811	30/11/16	Aprobación liquidación taxa ocupación privativa dominio público local Vodafone España, 3º T/16
812	30/11/16	Aprobación liquidacións IIVTNU
813	30/11/16	Aprobación liquidacións IIVTNU
814	30/11/16	Autorización celebración voda civil a Cristóbal Santomé Rodríguez
815	30/11/16	Aprobación Cert. 1-liquidación e acta recepción <i>Execución espazo exterior para mercado tradicional</i>
816	30/11/16	Aprobación conta xustificativa subvención Consellería Economía para <i>Execución espazo exterior para mercado tradicional</i>
817	01/12/16	Aprobación gastos Seguridade Social mes outubro
818	02/12/16	Troco data celebración voda civil, José Manuel Cachafeiro Aboal
819	02/12/16	Convocatoria sesión Xunta Goberno Local 05/12/16
820	02/12/16	Aprobación Plan Inspección Tributaria 2017
821	02/12/16	Aprobación Calendario do Contribuínte 2017
822	02/12/16	(con levantamento de reparo)
823	05/12/16	Aprobación gasto e orde pagamento taxas Portos de Galicia e ISM uso compartido sede Policía Local
824	05/12/16	Contratación de Mª Elena Graña Ríos e 6 máis como peóns brigada de limpeza
825	07/12/16	Remate relación laboral con Manuel Fernández Chamorro e José Freire del Río, como oficiais pintor e albanel
826	07/12/16	Clasificación ofertas contratación Operación Tesourería por unha contía de 800.000 €
827	07/12/16	Convocatoria pleno 14/12/16

Non producíndose intervención algunha, polo Sr. Alcalde declárase o coñecemento polo Pleno da Corporación Municipal das Resolucións da Alcaldía habidas dende a última sesión ordinaria.

ASUNTOS URGENTES

• **Proposta conxunta dos grupos políticos municipais: Alegacións ao Plan de Usos Portuarios do Concello de Bueu**

Pola Alcaldía-Presidencia sométese á declaración de urxencia do presente punto, urxencia motivada polo remate do prazo para presentar alegacións ao Plan de Usos Portuarios.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Expón a posibilidade de que se faga referencia a un futuro porto de altura; habería que consultalo coa frota pesqueira.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

De momento do único que se trata é do Plan de Usos do Porto actual, dos espazos neste caso tamén que o Concello de forma reiterada ao longo dos últimos anos ven demandando que se revertan ó dominio público marítimo-terrestre para que a súa vez o Concello dalgunha forma poida solicitar a concesión administrativa.



Trátase do que vimos abordando nos últimos anos, que xa fora motivo tamén dunha proposta conxunta, e agora reiterala e presentala no marco das alegacións do Plan de Usos Portuarios, tanto para o porto de Bueu como para o de Beluso.

• **Sr. Villanueva González (SON):**

É a primeira vez que teño coñecemento desta proposta conxunta; non se me pasou copia nin por correo electrónico, aínda que, por activa e por pasiva sabedes que no leo: nin tampouco se me dixo que estaba feito. Por tanto é a primeira vez que o leo.

Son rápido lendo e chámame a atención que unha das cousas que o meu grupo político dixo fora que tamén se lle instara a Portos de Galicia, xa que leva o mantemento do porto, que se faga cargo da poda e coidado dos xardíns, senón o Axuntamento terá que facerlle chegar os custos do mantemento desas zonas que son deles.

Aquí non consta entre as reivindicacións, e sería unha boa forma de dicirlle a Portos que “ou nos das” ou “vouche cobrar máis”.

Curiosamente, o primeiro que se poda en Bueu, é precisamente o espazo de Portos. A Banda do Río está sen podar; o Ramal dos Galos está sen podar...

Vou asinar a proposta con salvidade de que se debería ser máis taxativo o que se lle está a pedir a Portos.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Non dunha forma tan explícita, pero no último parágrafo da primeira páxina, recóllese algo similar. Estamos a falar dun documento que ten que servir de referencia para as alegacións institucionais. Cuestión distinta é que o Concello adopte outro tipo de medidas e decisións como poden ser esas ou calquera outra.

Sometida a votación a declaración de urxencia, a mesma é ratificada por unanimidade de tódolos membros presentes da Corporación Municipal (11 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON).

De seguido, procede á lectura da proposta conxunta, asinada polos voceiros dos 4 grupos municipais con data 14/12/16, do seguinte contido literal:

“PROPOSTA CONXUNTA ALEGACIÓNS PLAN DE USOS PORTUARIOS DO CONCELLO DE BUEU

Despois do acordado na Xunta de Voceiros celebrada o 25/11/2016, e tras publicarse o Plan de Usos Portuarios do Concello de Bueu, a corporación municipal acorda presentar a seguinte proposta conxunta de alegacións ao devandito plan. Sobre o presente tema cómpre salientar que xa existe un acordo plenario con data 07/10/2013, a propósito dun escrito da Asociación Ecoloxista Anduxía, mediante o cal se solicitou:

- *A supresión das taxas por ocupación de espazos portuarios para usos municipais, por ser instalacións públicas feitas con cartos públicos.*
- *A desafección das zonas de praia (Beluso, Banda do Río, e Pescadoira) adscritas a Portos de Galicia por ser estas un ben público non susceptible de ser ocupado.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de novembro de 2016 publicouse a “Delimitación dos espazos e usos portuarios do Porto de Bueu e a instalación portuaria de Beluso (Pontevedra)”. Nel figura que practicamente toda a franxa urbana de Bueu, a que vai desde o Club de Remo ata o estaleiro de Purro, está englobada dentro da zona portuaria do ente público Portos de Galicia, no que tamén se atopa o Porto de Beluso.



Este dominio inclúe practicamente todas as dotacións portuarias ou públicas que se atopan por debaixo da rúa Montero Ríos (Centro Social, Praza de Abastos, aparcadoiros etc), incluída a propia rúa. E tamén tres praias: a totalidade da praia de Pescadoira e boa parte das praias da Banda do Río e Praia de Beluso.

Moitas destas superficies non teñen uso portuario aínda que están suxeitas ao pago dunhas taxas por parte do Concello de Bueu, tanto para as dotacións permanentes como para a realización de calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro das mesmas. No que atinxe a estas taxas, chama a atención que hai que pagar pola instalación do mercado semanal, e tamén por actividades sen ánimo de lucro como as festas ou os campionatos de balonmán na praia.

Así mesmo dáse unha discriminación nas cotas das terrazas das cafeterías, xa que pagan moito máis as situadas nas zonas de portos que as da zona municipal (dependente de Costas), aínda que estean na mesma rúa.

Todo o anterior lévanos a pensar na paradoxa de que en Bueu temos que pagarlle a un organismo que danou gravemente coas súas construcións irresponsables dúas praia urbanas como son a de Beluso e Pescadoira. Ademais, o Concello estase encargando conxuntamente con Portos de Galicia do coidado e mantemento dos citados espazos a pesar de non existir obriga, por canto nestes momentos o convenio que regulaba as atribucións do propio Concello expirou. Como en reiteradas ocasións se lles requiriu que asumisen a realización dese proxecto integral de rexeneración, e tendo en conta as carencias existentes, facemos necesaria a desafección destas zonas para que o Concello poida xestionar a devandita actuación.

ACORDOS

Por todo o anteriormente exposto e tendo en conta o trámite de exposición pública, solicitamos que desde Portos de Galicia se teñan en conta todas as alegacións propostas por este plenario, e que son as seguintes:

- *A desafección das zonas de praia (Beluso, Banda do Río e Pescadoira) adscritas a Portos de Galicia por ser estas un ben público non susceptible de ser ocupado.*

Bueu, a 14 de decembro de 2016

Os voceiros/as da Corporación de Bueu:

Carlos Eirea Eiras (BNG)

José Manuel Vilas Pastoriza (PSOE)

Julio Villanueva González(ACB-SON)

Berta Pérez Hernández (PP)"

Continúa a Alcaldía sinalando que non se trata soamente da desafección das zonas de praias, senón tramos de paseos marítimos e viais, en todo caso, o dominio público portuario. O que comentaba con anterioridade o Concelleiro está dalgunha forma recollido no espírito do documento. Insisto en que, con posterioridade, unha vez que haxa unha resposta no sentido de que se aprobe o Plan de Usos do Litoral, veremos como proceder o Concello con Portos sobre todo para esas tarefas de mantemento da que nos seguimos facendo cargo.

Non producíndose máis intervencións, o Sr. Alcalde somete votación ordinaria, nominal e a manalzada, a proposta da Alcaldía transcrita con anterioridade, dándose o seguinte resultado:

VOTACIÓN E ACORDO:

- ✓ Votos a favor: 16 (da totalidade dos membros presentes: 11 do BNG, 3 do PP, 1 do PSdeG-PSOE e 1 de SON)



- ✓ Votos en contra: 0
- ✓ Abstencións: 0

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda prestar aprobación á proposta conxunta dos grupos políticos municipais, de data 14/12/16, relativa á formulación de alegacións ao Plan de Usos Portuarios do Concello de Bueu, dispoñendo en consecuencia:

- Solicitar de Portos de Galicia:

A desafección das zonas de praia (Beluso, Banda do Río e Pescadoira) adscritas a Portos de Galicia por ser estas un ben público non susceptible de ser ocupado.

9. Rogos e preguntas

◆ Sra. Pérez Hernández (PP):

Pregunta en qué situación se atopa a convocatoria de axudas a entidades culturais, por canto xa estamos no mes de decembro en no lle consta a mesma.

• Sr. Alcalde-Presidente:

Nestes intres están practicamente ultimadas as bases e nos próximos días serán aprobadas tanto as de cultura como as deportivas. Se se cumpren os prazos pensamos que entre xaneiro e febreiro poderán ser aprobadas.

Serían as correspondentes ao exercizo 2016. As liquidadas en 2016 corresponden ao ano 2015.

◆ Sr. Villanueva González (SON):

Nunha noticia de prensa de 28.02.2011, en relación co plan director de Aqualia para Bueu, recolle inversións por máis de 5,2 millóns de euros:

Proxecta melloras no abastecemento de auga no Castrillón, unión Castiñeiras-Bueu, redes na Praia de Beluso, Figueirón, Sar, Vilar e Area de Bon, recuperación de mananciais, redes nas Meáns, Montero Ríos, unión Cabreira-Outeiro, rede Colexio de Cela, troco rede en Portomaior, ampliación rede en Castrelo, e infraestrutura para nova zona de conducción proveniente de Pontevedra a través da estación de bombeo.

En canto a saneamento, inclúe bombeo en Pescadoira, a renovación de pluviais, renovación en Praia de Petis, dotar do servizo a Costiña, Resille, Beluso, Souto, Antepazo, O Burgo, e estación depuradora EDAR.

As preguntas formulareinas por escrito e espero me sexan contestadas no seguinte Pleno:

- Posto que había unha inversión de 600.000 € na mellora da EDAR: cónstalle ó Concello que o sistema terciario de raios ultravioleta está a funcionar nestes intres?
- Canto é o corto prazo da inversión prevista por Aqualia?
- Quen elaborou o Plan Director?
- Tivo o Concello forma de decidir onde inverter?
- Ten o Concello constancia de cantas das actuacións están feitas?
- Se é o caso, están confirmadas polos servizos técnicos municipais: Secretaría, Intervención, Urbanismo, Técnicos Municipais...
- Ten o goberno constancia da totalidade de diñeiro invertido dende 2011 ata agora?
- Están fiscalizados con informes técnicos por parte do Concello?
- Por que o goberno, con fondos propios, tivo que facer a obra de pluviais en Johan Carballeira si Aqualia non aplicou este convenio de Plan Director?



- Cada vez que chove un pouco, en P. Fontenla, fronte ó lavadoiro, sae de todo por aqueles sumidoiros, polo que tense pensado por parte do goberno actuar nese caso? e seo fai, quen correría cos custos? o Plan de Aqualia ou o propio Concello?

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Aínda que loxicamente se responderá dun xeito moito máis profundo, hai algo que cumpre deixar claro dende o primeiro momento.

Que se fale aquí o que sae non medio de comunicación, paréceme en certa medida grave; o primeiro que haberá que preguntar e que hai de certo da noticia, si existe ou non ese documento, ou de que documento se está a falar.

Vde. está a falar parece que dun convenio mediante o cal Aqualia comprométese a invertir en Bueu 5,2 millóns de euros. Seguramente si nos estivésemos aí, no lado do público, pois teríamos esa idea.

Pero o Concelleiro Sr. Villanueva González acaba de destapar que Aqualia ten pendente de investir en Bueu 5,2 millóns de euros. Unha cousa é preguntar e outra aseverar como así o fixo; polo tanto terá cumprida resposta pero saiba que en ningún caso existe primeiro: convenio algún; segundo: obriga contractual da empresa concesionaria en todo que supoñan novas infraestruturas, que quede moi claro.

Boa parte das actuacións que figuran aí foron desenvolvéndose ao longo dos últimos anos por parte do Concello con cargo a fondos propios ou con cargo a liñas de subvencións.

Este chamado Plan Director é un documento que se elabora a petición do Concello, pero coma un documento de base técnico, pero non se trata dun compromiso económico-financeiro de Aqualia, por canto non lle corresponde.

Non pode falar dun investimento pendente de invertir de 600.000 comprometidos nun convenio que non existe.

Preocúpame que se veña aquí aseverando cousas que figuran nunha noticia de prensa.

- **Sr. González Villanueva (SON):**

Eu, como calquera veciño que leu a noticia, pensamos que se trataba de melloras a facer pola concesionaria.

Se estou errado e, como pon aquí, non hai Plan Director de Aqualia, dígamo; e o que debería haber feito no seu día era saír ó paso, contestando no mesmo medio, que Aqualia non ten Plan Director no Concello de Bueu.

- **Sr. Alcalde-Presidente:**

Non dixen que non exista Plan Director, dixen que non existe convenio entre Aqualia e Concello mediante o cal a concesionaria se compromete a investir 5,2 millóns de euros, dos cales 600.000 irían para a EDAR de Cabalo.

- **Sr. González Villanueva (SON):**

Entón como permite que saia en prensa este tipo de noticias?

- ◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

1. Ten constancia de que os veciños de Cabalo, concretamente das vivendas que hai subindo cara a Beluso (núms. 4 e 25) teñen problemas polos pluviais que atravesan a estrada?. No seu momento deixaron pasar a rede pola súa propiedade, pero agora resulta que como veñen máis confluencias doutras augas pluviais producen inundacións. Non pode facer nada o Concello?
2. Hai un veciño propietario dunha tomada no vial que xusto conecta a subida ao Cemiterio co Polígono Industrial, onde se produciron grandes socavóns, a quen se lle



dixo que dende o Concello non se podía facer nada porque trátase dun vial da Deputación. Entende que o Concello debería enviar aos técnicos municipais e Policía Local para que fagan os oportunos informes e sexan remitidos tanto a Deputación como a Xunta, por tratarse de augas procedentes da vía rápida.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Trátase dun rogo ou unha pregunta.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Trátase dun rogo.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Pero quere que opine ou diga algo ó respecto ou non?

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Como Vde. considere.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Pediríalle que cando utilice as conversas que manteña con algún veciño, que ten todo dereito do mundo, igual que o Alcalde ou calquera outro Concelleiro ou Concelleira, primeiro lle pregunte ó Alcalde si son certas ou non ou en que medida son menos certas ou non.

En relación co problema que existe en Cabaleiros, na subida do Valado ó Cemiterio, no desvío que vai para o Parque Empresarial, de forma reiterada a Corporación Municipal se ven manifestando e, polo tanto, adoptando acordos que foron trasladados á Xunta de Galicia en reiteradas ocasións con motivo tanto das obras da Urbanización do Parque Empresarial como do Corredor do Morrazo, especialmente grave despois do corredor.

Foron trasladados en múltiples ocasións, con visita de técnicos de Augas de Galicia e conversas aparte dos escritos e acordos trasladados por parte da Corporación e por parte da Alcaldía, en numerosas xuntanzas tanto a nivel provincial como a nivel galego.

Por tanto é algo que dende o Concello foi xestionado, existe esa preocupación, o que non podemos nos é solucionar algo do que o Concello non é directamente responsable; podemos esforzarnos e pedilo as veces que faga falta, pero o que non lle podemos dicir a un veciño e que sexamos nos responsables da solución, porque nono somos.

En canto ao tema de Cabalo, descoñece con precisión e non lembra que os afectados se puxeran en contacto con el. Lembra vagamente que foi comentado o inverno pasado que houbera un desbordamento na táxea que cruza a PO-315 e inundara algunha casa; procedéndose por parte do Concello a súa limpeza.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Entende que non é obriga do Concello, o que si debería facerse e enviar aos técnicos para que informen ó respecto e esixirlle ao titular do vial o seu arranxo.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Un informe técnico ou da Policía Local o único que vai constatar e que hai augas procedentes dun vial que van a unha propiedade; a cuestión e se esa propiedade ten obriga ou non de recibir esas augas porque sempre discorreron por esas propiedades, se hai máis augas que se concentran nese punto de verquido (a min non me consta) ou se alguén entubou algún tramo ou desviou o percorrido.

O correcto sería que os afectados presentaran un escrito e seguir o seu curso para enviar a Infraestruturas da Xunta de Galicia, non existe inconveniente algún.



◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Os veciños do vial de acceso ao Colexio de Curraces, en Beluso, veñen demandando o servizo de abastecemento de auga dende fai algúns anos; foi instalada a rede ao longo do vial para dotación do servizo a Roza, pero deixouse ese tramo que parece ser estaba previsto, ao dotarse ó Colexio de Curraces a través dun camiño dende Montemogos; incluso que terían que pagar unha cantidade.

Sería moi custoso facelo? Está prevista algunha actuación ó respecto?

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

Trátase dunha pequena ampliación que foi pedida no seu momento. Non me consta que se atope incluída naquel proxecto que de desenrolou con cargo a un fondo estatal, que se denominaba “Abastecemento de auga á zona da Roza e Sar”, e tampouco me consta foxe suprimido tramo algún, e moito menos que algún veciño tivera entregada cantidade algunha.

Tense falado con algún veciño do lugar, é tamén é certo que pouco tempo antes da petición dalgún veciño, foi resolto un problema que había de abastecemento na antiga Escola Unitaria; polo que o servizo ampliouse a través dese sendeiro dende a zona de Montemogos, pero unha tubería insuficiente para o resto das vivendas por canto neses intres nin tiñamos coñecemento de que as vivendas do entorno tivesen esa necesidade.

De tódalas formas terémolo en conta para cando se fagan actuacións de ampliación da rede por canto agora sí existe petición dalgunha persoa do lugar.

◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Se a poda de árbores sempre se fixo coa máquina elevadora dos electricistas, por qué agora se algunha unha elevadora para a Banda do Río.

• **Sr. Castro Quiroga (BNG):**

Foi para adiantar traballo, por canto a máquina dos electricistas estaba ocupada reponendo luminarias e facendo reparacións.

• **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**

Tamén estiveron pintando farolas, e a empresa contratada para elo, utilizou a máquina dos electricistas.

Pide explicacións por que unha empresa de fóra pode utilizar unha máquina municipal e agora o Concello alquila unha para a poda de árbores.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

A razón é moi sinxela: o orzamento para contratación do servizo de pintado contemplaba pór o vehículo e así resultase máis económico.

◆ **Sr. Santos Pires (PP):**

En relación coa sentenza de 12/07/16 para devolver os 3.000 € cos que fora sancionado a Aqualia, pregunta cales foron os motivos.

• **Sr. Alcalde-Presidente:**

O xulgado considerou que, aínda estando demostrado as deficiencias puntuais que puido haber na EDAR, bombeos e desbordamentos en Loureiro e Agrelo, e a pesar de estar constatado con informes técnicos e xurídicos da procedencia desa sanción; resolve a favor da concesionaria por considerar que a empresa demostrou que as incidencias estaban solventadas.



- **Sr. santos Pires (PP):**
Puido ser por defecto de forma?
- **Sr. Alcalde-Presidente:**
Non, simplemente porque a empresa demostrou q ue ós 5 minutos do día seguinte de detectar un problema destes empezou a resolvelos.
- ◆ **Sra. Otero González (PP):**
Quería dicir que, despois dun ano, xa están pintadas as prazas para de aparcadoiro para discapacitados ou con diversidade funcional.
Por outra banda, pide se inste a Portos para que se coloquen luminarias na parte Oeste do CSM, concretamente no aparcadoiro onde se ven realizando o mercadillo.
 - **Sr. Alcalde-Presidente:**
Debemos tratar recuperar a iluminación que había nos bancos e/ou mellora-la luminaria de Montero Ríos que, aínda que é competencia de Portos, o consumo estao a pagar o Concello.
- ◆ **Sr. Santos Pires (PP):**
Na Comisión Informativa de Facenda, falouse que os boletíns de denuncia que ven utilizando a Policía Local de Bueu están desfasados, pola derogación da normativa que se sinala nos mesmos, dende o 31.01.16. Preguntaba en dita Comisión de que si podería ser motivo de anulación dos expedientes de infraccións en materia de tráfico.
 - **Sr. Alcalde-Presidente:**
Están en fase de probas coas PDA pola xestión que fai a empresa Xestión Tributaria concesionaria do servizo de recadación. Non sei si é válido ou non ese boletín de denuncia; aínda que o propio boletín non opera como documento de denuncia tratándose dun simple aviso, senón coa notificación dun acto posterior (incoación do expediente sancionador).
- ◆ **Sr. Vilas Pastoriza (PSdeG-PSOE):**
Pregunta polo "*muro da vergoña*" no hall do ISM; vai seguir aí?
 - **Sr. Alcalde-Presidente:**
Si.

E non habendo outros asuntos que tratar, a Presidencia da por rematada a sesión cando son as 21:50 horas do día ó principio sinalado, de todo o que eu, como Secretaria Xeral da Corporación, dou fe.

(documento asinado electrónicamente ao marxe)